


MARDAR, Iulian (2022). *Idioms through Time and Technology: The Signature of a Culture*. Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing. ISBN (10) 1-5275-7639-6, 210 pp.



Idioms through Time and Technology é unha obra realizada por Iulian Mardar, doutor en filoloxía inglesa e profesor asistente na Universidade de Galati Dunarea de Jo. O seu campo de estudo abrangue as linguas inglesa e romanese. Por conseguinte, o libro que estamos a recensionar trata os enunciados fraseolóxicos («idioms») desas dúas linguas e non só do inglés, como podemos pensar ao ler soamente o título. O obxectivo do autor é, tal e como se indica no prefacio, aportar unha nova clasificación, un marco teórico, que permita catalogar e identificar de maneira máis sinxela os modismos e intentar establecer unha definición máis precisa do que é esa entidade lingüística. Actualmente, no eido da fraseoloxía e das paremias existen múltiples enfoques sobre o estudo dos enunciados fraseolóxicos e

os tipos que existen. Tampouco existe consenso na metalinguaxe destes enunciados e por iso, cando se le unha obra en inglés, ou en calquera outro idioma, non é doado traducir os conceptos que presentan nela como é caso desta recensión. Aquí, farase referencia ao termo «idiom» como enunciado fraseolóxico, nun senso amplo, xa que a través dos exemplos que contén o libro, podemos observar que non se trata só de refráns senón tamén de fórmulas e outras frases feitas.

1. Estrutura interna e externa da obra

O libro está dispoñible en versión dixital, foi editado por *Cambridge Scholars Publishing* e publicouse no ano 2022. Con respecto á súa estrutura interna o libro conta cun prefacio, seguido dunha introdución, catro capítulos que compoñen o corpo do libro, máis unha sección de conclusións que vai seguida dun apéndice e dun glosario. Finalmente, temos as seccións de referencias (con catro apartados: referencias web, corpus, corpus web de dicionarios e páxinas de paremias e corpus web de novelas e libros) e bibliografía.

Entrando xa máis en detalle, cada capítulo ten a súa propia estrutura interna con cadanseu apartado, subapartados e conclusións. O capítulo 1 titúlase *A New View on Idioms* e divídese en dous subapartados, o primeiro chamado *The beginnings. Defining the idiom* que contén dúas seccións *Prior attempts*, dedicada á presentación das correntes empiricista, nativista e ao estado da cuestión actual, e *Between one word and a full sentence* que determina as características principais dun enunciado fraseolóxico como o feito de estar composto por máis de dúas palabras e ter un determinado grao de fixación na lingua. O segundo subapartado deste capítulo titúlase *Idioms, a Dynamic World* que ten tres subapartados *From a simple word to an idiom* que fala de como se crean os enunciados fraseolóxicos; *A new view on similes* que presenta a perspectiva e o enfoque

adoptado polo autor do libro sobre como acercarse aos enunciados fraseolóxicos e *The new kid on the block: IBIS* que fala dos enunciados fraseolóxicos basados na ironía e de como diferencíalos do resto. Finalmente, engade as conclusións correspondentes a este conxunto de apartados. No capítulo 2, *The Influence of Technology and Society on 'Stupid' and 'Crazy' Idioms*, o autor dedica un (*Preliminary Remarks*) dos catro subapartados que contén para facer unha contextualización da era tecnolóxica en que vivimos e logo explicar, en *The technological progress and the disappearance and appearance of idioms related to it*, como afecta isto aos enunciados fraseolóxicos. No seguinte apartado, *Crazy and stupid idioms at work*, dividido en catro seccións compostas maioritariamente por táboas ilustrativas que conteñen exemplos en inglés e romanés, fálanse dos enunciados fraseolóxicos que describen parvadas e loucuras relacionadas con distintos eidos da vida diaria. Ademais, inclúense as conclusións ás que chega o autor, nas que se fai unha comparación entre os enunciados fraseolóxicos do romanés e os do inglés. O capítulo 3 titulado *On Negative, Positive and Neutral English and Romanian Idioms* é o de maior extensión e componse de tres subapartados principais: *Preliminary Remarks*, igual que no capítulo 2, no que se fai unha contextualización, neste caso do estudo de enunciados fraseolóxicos negativos, positivos e neutrais; *Concrete numbers and percentages of positive, negative* onde se presentan estatísticas, exemplos e análises de enunciados fraseolóxicos indicando se son positivos, negativos ou neutrais; e *Dog-câine, cat-pisică, horse-cal and bull/ox-taur/bou idioms* no que se clasifican os enunciados fraseolóxicos en catro categorías de animais (can, gato, cabalo e toro) en función de a cal fan referencia. A continuación preséntase o apartado de conclusións pertencente a este capítulo. En *Culturally Marked Idioms or Idioms which Spill the Beans*, o cuarto e último capítulo, presenta o maior número de subapartados (un total de oito). Posúe unha introdución e os apartados *What is culture?*, *Cutting to the chase*, *Why do we create idioms?*, *Dog, cat, horse and ox/bull idioms revisited*, *Stupid and crazy idioms - a cultural approach*, *On the universal character of proverbs and the unique character of idioms* e *Will there be idioms in the future?*. Cabe resaltar que este capítulo non ten un subapartado de conclusións xa que, en xeral, o conxunto de subapartados fala dos elementos extralingüísticos relacionados coa creación e fixación dos enunciados fraseolóxicos. Por último, preséntanse nun apartado final as conclusións do conxunto de capítulos.

2. Contidos da obra

Os contidos deste libro fan que este sexa unha boa ocasión para iniciarse no estudo dos enunciados fraseolóxicos xa que presenta unha clasificación sinxela deles e proporciona indicacións para saber identificalos, ademais de organizalos de xeito práctico. A continuación, remarcamos os puntos máis importantes de cada capítulo.

No primeiro capítulo o autor comeza presentando tanto as definicións que existen dos enunciados fraseolóxicos que se toman como referencia e que o autor considera correctas, como as características que non pertencen aos devanditos enunciados. A medida en que presenta esta información vai explicando os problemas que xorden das anteriores

definición (esaxeracións, imprecisións e argumentos contraditorios) (2022: 4) e achega as súas propias ideas con argumentos coherentes. Ademais, define certos conceptos que xa teñen unha definición propia e adáptaos ao contexto do estudo da fraseoloxía. Por exemplo, considera a metáfora como “a lóxica e a imaxinación traballando en conxunto para presentar a realidade en forma dunha obra de arte máis ou menos abstracta”¹ (páx. 8). Tamén cómpre remarcar que para Iulian Mardar unha paremia “crea unha imaxe sen alterar o significado de calquera das palabras que contén”² (páx. 13). Isto é así porque el clasifica as paremias e fórmulas en: (1) paremias/fórmulas puras; (2) semi-paremias/fórmulas e (3) paremias/fórmulas literais. Alén diso, dentro desa clasificación podemos atopar dous novos tipos de enunciado fraseolóxico: o *similidiom* (as que presentan forma de símil) e o *IBIS* (do inglés “Irony Based Idiom Sentences” que fai referencia ás frases idiomáticas basadas na ironía). Esta nova categorización, que adopta un enfoque contrastivo, resulta innovadora e interesante, aínda que precisa poñerse en práctica en todos os seus campos de aplicación para confirmar a súa utilidade e así poder establecerse. De entre as conclusións ás que se chega neste capítulo cómpre resaltar a definición de enunciado fraseolóxico que o autor considera como a máis precisa: “os enunciados fraseolóxicos son frases fixas, compostas por un mínimo de dúas palabras independentes cuxo significado é diferente ao de calquera das palabras que o conforman ou da suma delas e que provén dunha comparación, posúen características propias dunha metáfora e por conseguinte, son imaxes artísticas da realidade.”³.

O segundo capítulo está dedicado ás tecnoloxías e á sociedade actual e establécese unha conexión entre elas e os enunciados fraseolóxicos. O nexa entre elas son o tempo (cronolóxico) e a evolución das tecnoloxías. Isto é así porque os enunciados fraseolóxicos créanse nun contexto sociocultural específico, pois dependen tanto da sociedade en que se crean como do obxecto/concepto ao que fan referencia. Entre algúns dos exemplos que se enumeran atópase o de *It's raining cats and dogs* que, aínda que se utiliza sempre nos libros de texto e na escrita o seu uso real, entre os/as falantes de lingua inglesa é inexistente. Este enunciado orixínouse nunha época en que os gatos e os cans adoitaban pasearse polos tellados das casas e cando chovía moito esvaraban e caían á calzada, de aí que se dixera que “chovían gatos e cans” para expresar unha chuvia moi intensa. Despois de explicar esta relación entre tempo, tecnoloxía, sociedade e fraseoloxía, o autor procede a analizar a evolución dos enunciados fraseolóxicos (ingleses e romaneses) que indican loucura ou estupidez (conceptos abstractos que o autor define e delimita claramente). Esta análise faise categorizando por sectores (como cerámica, construción etc.) os enunciados e descifrando o seu significado tendo en conta sempre o contexto en que se utilizan. O máis salientable deste estudo son os patróns que se observan entre os enunciados fraseolóxicos (comparacións, símiles...). Alén diso, a comparación entre os

¹ Cita orixinal: “the metaphor is logic and imagination working together in order to present reality in the form of a piece of more or less abstract art”.

² Cita orixinal: “a real idiom [...] creates an image without altering any of the words inside of it”

³ Cita orixinal: “idioms are fixed phrases, made of at least two independent words, whose meaning is different from any of the words or the sum of the words in them and who come from a comparison, having the characteristics of a metaphor, hence being artistic images of reality”

enunciados romaneses e os ingleses permítenos extraer información sobre a sociedade e a cultura de cada lingua. Por exemplo, a lingua inglesa ten un maior número de enunciados fraseolóxicos relacionados coa tecnoloxía o que implica que están máis en contacto con ese tipo de invencións. O romanés, pola súa banda, amósase máis conservador e mantén enunciados arcaicos para expresar loucura e estupidez, sen apenas ter influencia da tecnoloxía.

No capítulo terceiro o foco está na negatividade, positividade e neutralidade dos enunciados fraseolóxicos (ingleses e romaneses). O autor tenta establecer as características definitorias das unidades fraseolóxicas negativas, positivas e neutrais. Para isto, utiliza exemplos e en liñas xerais, os enunciados negativos son aqueles que indican negación (con ou sen partícula negativa), os positivos os que expresan unha actitude positiva e os neutrais o que non expresan nin algo positivo nin negativo. Unha vez que esta distinción queda esclarecida, elabórase un pequeno corpus de enunciados fraseolóxicos e estúdanse cualitativa e cuantitativamente. Para elaborar este corpus o autor dirixiu un experimento que consistiu en solicitar a un grupo de docentes de lingua inglesa, coa experiencia necesaria no eido, que escribisen todas as expresións (en inglés e romanés) que se lles ocorresen para indicar, por unha banda, loucura ou estupidez e pola outra, cordura e intelixencia. Posto que se lles pediron expresións, non todas as que anotaron foron enunciados fraseolóxicos, polo que houbo que filtralos. Os resultados deste experimento foron: existen máis enunciados negativos que positivos para expresar loucura/estupidez e cordura/intelixencia. Os enunciados neutrais son a minoría. Isto semella demostrar a hipótese inicial do autor, sobre que a maioría de enunciados fraseolóxicos se crean para expresar sentimentos/opinións negativas.

O último capítulo (cuarto), fai unha revisión de todos os exemplos e conceptos que se presentaron nos capítulos anteriores e realiza unha comparación entre linguas. Ao realizar esta comparación é inevitable afondar na cultura e na sociedade que rodea a cada lingua de estudo. Neste caso inglés e romanés, dúas linguas que xa de por si teñen unha orixe diferente, posto que a primeira é xermánica e a segunda latina. Para poder falar sobre este tema, o autor define e describe o que significa o termo *cultura* para el e achega unha clasificación dos diferentes tipos de cultura (alta cultura e cultura antropolóxica) que existen. Nesta obra e tal e como indica o autor, a mellor definición de cultura é a da cultura antropolóxica que é “un conxunto difuso de actitudes, crenzas, convencións sociais, suposicións básicas e valores compartidos por un grupo de xente, e que inflúe no comportamento de cada individuo/a e na interpretación do ‘significado’ do comportamento das outras persoas”⁴ (Spencer-Oatey: 2000, 4 *apud* Mardar: 2022, 116). Ademais, analízanse os resultados da investigación anterior e conclúese que a cultura xoga un papel moi importante na creación de unidades fraseolóxicas e no feito de que sirvan para expresar experiencias negativas. A raíz desta análise xorden as preguntas: por que creamos? Continuaremos a crear UF no futuro?

⁴ Cita orixinal: “a fuzzy set of attitudes, beliefs, behavioural conventions, and basic assumptions and values that are shared by a group of people, and that influence each member’s behaviour and each member’s interpretation of the ‘meaning’ of other people’s behaviour”

A primeira destas cuestións é de carácter filosófico e non hai unha resposta clara. Tal e como indica Iulian Mardar (2022: 139) non hai un consenso entre autores/as. Algunhas persoas que estudan psicoloxía afirman que o funcionamento ou proceso completo da creatividade nunca chegará a explicarse. O que si está claro, unha vez rematamos de ler este capítulo, é que o autor considera que a creatividade non é atribuíble soamente aos seres humanos e pode ser predicible (2022: 129). Para a segunda cuestión que se formula tamén presenta unha resposta ben delimitada, aínda que se responde dun xeito desordenado no que se van presentando exemplos reais misturados con extractos de filmes e coas predicións do autor. O que si argumenta claramente é a idea de que o futuro das unidades fraseolóxicas vai depender do papel que lle asignen as persoas que traballan coa lingua (escritores/as, tradutores/as...) por ser quen teñen a capacidade de empregarlas e darlles visibilidade (2022: 149).

3. Conclusións da lectura

A modo de conclusión podemos afirmar que o lector, tras ler *Idioms through time and technology*, pode formarse unha idea clara de cal é a situación actual das unidades fraseolóxicas e da influencia que teñen nelas tanto a tecnoloxía como a sociedade. Por unha banda, accede ao o estado da cuestión a día de hoxe en relación coa definición do que son os *idioms*, e por outra, aos conceptos de cultura e tecnoloxía como eidos nos que estes inciden, sempre tendo en conta a disciplina na que se van aplicar (a fraseoloxía).

A redacción é tamén un factor que cómpre ter en conta á hora de ler ou consultar unha obra. Neste caso, a lectura é sinxela, os temas enlázanse moi ben os uns cos outros e iso facilita a “dixestión” das ideas e novos conceptos que se presentan. Ademais, as táboas e as gráficas son moi visuais e permiten ao/á lector/a procesar e comprender a información que conteñen sen dificultade. Isto vai vinculado tamén á estrutura da obra, na que un dos puntos fortes foi incluír un apartado de conclusións para cada capítulo xa que axuda a aclarar calquera dúbida que nos puido quedar tras ler o capítulo e tamén axiliza as consultas da obra.

Finalmente, podemos afirmar que esta obra pode interesar calquera persoa, principalmente aquelas que queiran introducirse por primeira vez no mundo da fraseoloxía, sen moitos coñecementos previos. A información está ben repartida e é moi asequible para o público xeral. Este libro tamén pode resultar útil para un público especializado que queira coñecer unha nova proposta de clasificación de unidades fraseolóxicas e afondar nunha comparación de UF entre as linguas inglesa e romanese.

Vanesa Freire Armada

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
<https://orcid.org/0000-0002-8578-7089>

vfrearm@cirp.gal

